

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN

XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO

IES PEDRA DA AUGA 2023/2024

AVALIACIÓN

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 80% e o das táboas de indicadores un 20%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 0 a 8 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, valores cos que logo se extrae a media.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= 80% exame + 10% proxectos + 10% traballo e atitude na aula

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema

pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

A cualificación total do curso calcularase mediante a división das notas das tres avaliacións entre 3. Como foi sinalado anteriormente, redondearase á alza cara a seguinte nota a partir das cinco décimas acadadas (Exemplo: 7.4=7; 7.5=8)

RECUPERACIÓN

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das avaliacións suspensas. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas correspondentes. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nesta ocasión nunha escala de 0 ao 10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

A recuperación das avaliacións suspensas levarase a cabo mediante o exame de xuño (proba escrita con cualificación do 0 ao 10), adaptado á circunstancia académica de cada alumno na materia (exame de 1, 2 ou 3 avaliacións).